

CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Anuncio de adxudicación

En cumprimento do disposto no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, faise pública a resolución de adxudicación por Decreto da Alcaldía de data 9 de xaneiro de 2013, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de “asesoramento laboral do Concello de Entrimo”co seguinte tenor literal:

“DECRETO 09/01/13

Visto que con data 26 de novembro de 2012 pola Alcaldía detectouse a necesidade de realizar a contratación do servizo consistente no asesoramento laboral do Concello de Entrimo e aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que dada a característica do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, mediante tramitación ordinaria.

Visto que con data 26 de novembro de 2012 emitíronse informes de Intervención e de Secretaría sobre a lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que con data 26/11/2012, redactáronse e incorporáronse ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que se solicitaron ofertas ás seguintes persoas:


- ASESORÍA BAIXA LIMIA, S.L., R/ Emilia Pardo Bazán, nº 46, entl. Local 1 32004-Ourense
- OURENOFIX, S.L., R/ Juan XXIII, nº 5, entl. Local 6, 32003 Ourense
- BEATRIZ BURDEOS QUINTANA, Plaza Paz Novoa, nº2, 1ºF, 32003-Ourense

Visto que durante o prazo de presentación de proposicións só se presentou a seguinte oferta:

Propoñente	Nº de Rexistro	Data de presentación
ASESORÍA BAIXA LIMIA, S.L.	1.121	07.12.12

Vista a proposición económica presentada por importe de 9.716,64 euros e 2.040,49 euros de IVE (importe total 11.757,13 euros).

Visto que a ASESORÍA BAIXA LIMIA, S.L. presentou a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e constituíu a garantía definitiva.



CONCELLO DE ENTRIMO
(OURENSE)

*Praza do Concello 1, Terrachán
32860 – ENTRIMO (Ourense)
Tlf:988434666 Fax:988434610
concello.entrimo@eidolocal.es*

Examinada a documentación que consta no expediente e logo de comprobar que a empresa ASESORÍA BAIXA LIMIA, S.L. reúne os requisitos para contratar coa administración e para a execución dos servizos en conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Adxudicar a ASESORÍA BAIXA LIMIA, S.L., con CIF B-32360778 o contrato de servizos de “asesoramento laboral do Concello de Entrimo”, por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, por un importe de 11.757,13 euros, IVE engadido, correspondendo ao IVE a contía de 2.040,49 euros.

SEGUNDO. Notificar a presente resolución ao adxudicatario e publicala no perfil do contratante.

TERCEIRO. Citar a D. Ernesto González Rodríguez para a sinatura do contrato que terá lugar no Concello de Entrimo o día 15 de xaneiro de dous mil trece ás dez horas.”

Entrimo, 9 de xaneiro de 2013.

O Alcalde,



Asdo.: Ramón Alonso López